



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica

Referencia: PEL-CONCELLOS / 2026

Expediente convocatoria: 2025000034997

RESOLUCIÓN POLA QUE SE AVOCA A COMPETENCIA PARA A APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E SE APROBAN AS BASES E A CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE SUBVENCÍONS Á CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA NO ANO 2026 (PEL-CONCELLOS / 2026)

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

ANTECEDENTES

Por resolución número 29325, de 24 de xullo de 2023, o Presidente delegou na Xunta de Goberno entre outras: "A aprobación das bases de subvencións, cuxa competencia corresponda inicialmente ao presidente".

Tendo en conta a data da convocatoria da próxima Xunta de Goberno e considerando a urxencia de aprobar as Bases reguladoras do "Programa de subvencións á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia da Coruña no ano 2026", e vistos os informes do Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica, da Secretaría Xeral e do Servizo de Fiscalización e Control Financeiro,

RESOLVO:

Primeiro. Avocar a competencia que, con carácter xeral foi delegada por resolución número 29325, de 24 de xullo de 2023 na Xunta de Goberno, e considerando a urxencia da aprobación das Bases reguladoras do "Programa de subvencións á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia da Coruña no ano 2026", que ven motivada pola necesidade de que as persoas destinatarias poidan facer as súas previsións respecto do obxecto da subvención neste programa para o exercicio 2026 coa suficiente antelación.

Segundo. Aprobar as Bases reguladoras do "Programa de subvencións á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia da Coruña no ano 2026", que figuran no Anexo - Bases Reguladoras.

Terceiro. Dispoñer a publicación das bases deste programa no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Cuarto. Aprobar a convocatoria do Programa de subvencións á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia da Coruña no ano 2026, de conformidade coas bases reguladoras que figuran no Anexo - Bases Reguladoras.

O prazo de solicitude iniciárase ás 08:00 horas do día 21 de outubro de 2025, e finalizará ás 14:00 horas do día 21 de novembro de 2025, tendo en conta que, tanto as solicitudes como o resto da tramitación do programa, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

Quinto. Remitir esta resolución, así como o extracto da convocatoria conforme ao Anexo - Extracto da convocatoria, á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para a súa publicación a través do Sistema Nacional de Publicidad de Subvenciones y Ayudas Públicas, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, publicación que se tramitará como urgente.

Sexto. Dar conta desta resolución á Xunta de Goberno.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercer calquera outro recurso que se estime pertinente.

ANEXO - BASES REGULADORAS

BASES REGULADORAS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA, DO PROGRAMA DE SUBVENCÍONS Á CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA NO ANO 2026 (PEL-CONCELLOS/2026)

Datos do programa

Unidade xestora	Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica
Sección	Desenvolvemento Territorial, Cooperación e Medioambiente
Anualidade	2026
Denominación	Liña 1.1.PEL-CONCELLOS- Programa de subvencións á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia da Coruña no ano 2026
Beneficiarios	Concellos da provincia da Coruña
Programa	PEL-CONCELLOS/2026
Aplicación orzamentaria	0520/24100/46201
Importe da convocatoria	3.600.000,00 € Este importe poderá ser obxecto de modificación orzamentaria
Importe do orzamento de gastos	Sen límite
Importe da subvención que se vai conceder	Mínimo 22.000,00 € Máximo 75.000,00 €
Importe solicitado	Como máximo o importe previsto na base 8.3
Coeficiente de financiamento	100%
Gasto anticipado	Si, será de aplicación o establecido na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Diputación da Coruña

Exposición de motivos

A Deputación da Coruña, a través do Plan de Emprego Local (PEL), continúa apoiando aos concellos da provincia, co obxectivo de acadar uns maiores niveis de desenvolvemento económico, de calidade no emprego, de benestar social e de cohesión do territorio. Estas axudas tratan de adoptar medidas que promovan un modelo de desenvolvemento económico que favoreza o pleno emprego na provincia, como elemento esencial para o crecemento, a cohesión e o desenvolvemento socioeconómico.

O Plan de Emprego Local constitúe unha estratexia integrada de cooperación para o desenvolvemento sostible da provincia que ten como principal obxectivo fixar poboación nos

concellos da provincia e contribuír a un crecemento sostible dos mesmos promovendo a creación de emprego estable e de calidade a nivel local e facilitando a empregabilidade das persoas en situación de desemprego, especialmente no ámbito rural.

No contexto socioeconómico actual, é vontade da Deputación da Coruña aliviar a carga económica dos concellos e fomentar a inserción laboral, a través do Plan de Emprego Local. Nesta situación maniféstanse unha serie de necesidades e carencias a nivel municipal que é preciso atender de maneira inmediata para garantir de xeito eficaz a seguridade e saúde da cidadanía, especialmente nos centros educativos, e sempre ao abeiro do marco legal establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

As axudas enmárcanse na liña 1.1. PEL-Concellos, do Plan de Emprego Local. Con elas a Deputación da Coruña quere apoiar aos concellos da provincia da Coruña na contratación de persoal preferentemente para a prestación de servizos municipais esenciais durante o período de 1 de xaneiro de 2026 ata o 31 de decembro de 2026.

Por todo o anterior, a Deputación da Coruña, no desenvolvemento das súas competencias en materia de emprego, pretende colaborar cos concellos na contratación de persoal en risco de exclusión para a execución de obras e servizos mínimos municipais imprescindibles de todos os concellos da provincia sen deixar ningún atrás.

BASES

Base 1. Réxime xurídico

O marco normativo polo que se rexerán as subvencións concedidas pola Deputación é o establecido na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña.

As contratacións realizadas ao abeiro deste Programa regularanse pola súa normativa específica.

A presente subvención está incluída no plan estratéxico provincial de subvencións da Deputación 2025-2027 aprobado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria do 27 de setembro do 2024 e contribúe ao logro dos obxectivos incorporados no dito plan.

Base 2. Obxecto e finalidade

O **obxecto** do Programa é fomentar o emprego nos concellos mediante a contratación de persoal para a prestación dos servizos municipais básicos e a execución de pequenas obras de reparación e mantemento relacionadas cos ditos servizos.

A **finalidade** do programa é mellorar a calidade dos servizos municipais, fomentar o emprego local e contribuír á cohesión social e territorial dos municipios da provincia da Coruña.

3.1. Solicitantes

Os concellos da provincia da Coruña.

3.2. Requisitos do persoal a contratar

As persoas a contratar deberán estar en situación de desemprego, inscritas como demandantes na oficina de emprego e atoparse nalgunha das seguintes situacións de exclusión laboral que serán comprobadas polos concellos nos procesos de selección das persoas a contratar:

- Mulleres, ao ter un diferencial de índice de desemprego rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.
- Maiores de 45 anos.
- Menores de 30 anos.
- Persoas desempregadas de longa duración. Aos efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo dun ano inscritas como demandantes de emprego nos servizos públicos de emprego.
- Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual o superior ao 33%.
- Persoas en situación de drogodependencia.
- Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego.
- Persoas con fogar monoparental.
- Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.
- Persoas vítimas de violencia de xénero.
- Persoas sen fogar.

O persoal contratado deberá realizar, exclusivamente, actividades relacionadas cos seguintes servizos mínimos previstos nos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local:

- Iluminación pública, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, rede de sumidoiros, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.
- A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.

- Protección da salubridade pública.
- Nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes, ademais: parque público, biblioteca pública e tratamento de residuos.
- Nos municipios con poboación superior a 20.000 habitantes, ademais: protección civil, avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social, prevención e extinción de incendios e instalacións deportivas de uso público.

Así mesmo, poderán executar pequenas obras de reparación e mantemento relacionadas cos ditos servizos.

As actividades subvencionadas deberán desenvolverse no territorio da provincia da Coruña e co galego como lingua vehicular.

3.3. Requisitos da contratación

- Os concellos adheridos ao Programa poderán realizar as contratacións ao abeiro da convocatoria PEL-CONCELLOS, na modalidade de contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, asignándolles os códigos 405, cando a contratación sexa a tempo completo, e 505 cando sexa a tempo parcial.
- O contrato debe iniciar e rematar na anualidade 2026.
- As persoas a contratar deberán estar inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupadas, e estar dispoñibles para o emprego.
- O concello poderá realizar a contratación do persoal a través do Servizo Público de Emprego ou convocando o seu propio proceso selectivo de acordo cos principios de publicidade, concorrencia, igualdade, mérito e non discriminación.

No proceso selectivo, valorarase como mérito ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas. Esta valoración non será de aplicación cando se empreguen listas de selección anteriores.

A tal fin terá que aplicar o previsto na lexislación vixente sobre a protección e fomento do emprego do persoal en risco de exclusión social.

O concello deberá contratar ás persoas traballadoras por unha xornada mínima semanal do 75% da xornada completa habitual ou a permitida pola lexislación laboral segundo o grao da discapacidade dos mesmos.

Base 4. Gastos subvencionables

Son gastos subvencionables os custos salariais e de seguridade social, os derivados das indemnizacións de fin de contrato e os correspondentes aos cursos de formación en materia de riscos laborais que deban realizar as persoas contratadas segundo a lexislación laboral

vixente, durante o período do 1 de xaneiro de 2026 ata o 31 de decembro de 2026.

Non se subvencionan en ningún caso gastos indirectos ou propios do funcionamento ordinario da entidade solicitante (persoal non adscrito especificamente ao proxecto, gastos de asesoría, servizo de prevención alleo, cotas empresariais, gastos xerais...).

Conta	Descrición da conta, segundo o Plan Xeral de Contabilidade
607	Traballos realizados por outras empresas (cursos formación en PRL)
640	Soldos e salarios
642	Seguridade social a cargo da entidade
649	Outros gastos sociais

O programa estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2026 polo que os contratos formalizados e as actividades obxecto deste programa deberán rematar como máximo nesa data e, en consecuencia, non poderán imputarse ao programa gastos realizados con posterioridade.

Base 5. Compatibilidades e exclusións

5.1. Compatibilidades

As subvencións deste programa son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

As subvencións deste programa son incompatibles con outras subvencións da Deputación da Coruña para o financiamento do mesmo persoal.

Base 6. Forma e prazo da solicitude

A forma da solicitude regúlase na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña.

Os datos persoais facilitados serán tratados pola Deputación da Coruña, como responsable do tratamento, co fin de levar a cabo a tramitación administrativa dos programas de subvención. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Máis información na [Política de Privacidade](#) da Deputación.

Base 7. Compromisos e obrigas

7.1. Compromisos

- Os concellos facilitarán ás persoas contratadas o seguinte:

a) Vestimenta de traballo na que figure que o proxecto é subvencionado pola Deputación mediante a impresión na mesma de xeito suficientemente visible dos logotipos do Plan de Emprego Local e da Deputación, dispoñibles na web <https://www.dacoruna.gal/documentacion/logos/logotipos-pel/>

b) A formación prevista en materia de prevención de riscos laborais pola lexislación laboral vixente.

- Os concellos estarán obrigados a facilitar aos servizos da Deputación Provincial toda a información que se lles demande en relación co Programa.

7.2. Difusión do apoio da Deputación

A difusión do carácter público do financiamento realizado levarase a cabo das seguintes formas:

-Facer constar o financiamento da Deputación provincial da Coruña en todas as comunicacións polas que se de a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou Internet.

Na vestimenta que os concellos facilitarán ás persoas contratadas deberán figurar impresos, de xeito suficientemente visible, os logotipos do Plan de Emprego Local e da Deputación, dispoñibles na web:
<https://www.dacoruna.gal/documentacion/logos/logotipos-pel/>

Base 8. Procedemento de concesión

8.1 Procedemento de concesión

O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase mediante o réxime de concorrència non competitiva ao que se refire o artigo 12.2 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña. A concesión realizarase segundo o regulado no artigo 16.1.a da dita Ordenanza, polo que a resolución destas axudas terá carácter de concesión definitiva.

Os concellos poderán solicitar como máximo a contía do módulo que lles corresponda en función da porcentaxe resultante de dividir o número de persoas desempregadas no concello entre o número total de persoas desempregadas nos concellos de menos de 50.000 habitantes, mentres que os concellos da Coruña, Ferrol e Santiago de Compostela optarán a un importe único de 75.000,00 euros, segundo o indicado na base 8.3 e que figura no ANEXO III- Detalle dos módulos a financiar das presentes bases.

No caso de que os custos da contratación sexan inferiores ás contías máximas dos módulos, o importe solicitado deberá axustarse ao dito custo.

8.2 Causas excepcionais

- Por circunstancias excepcionais debidamente motivadas, e unha vez aprobada a concesión da subvención, o concello poderá modificar tanto o número de persoas a contratar como o período da contratación.
- No caso de extinción da relación laboral dalgunha persoa traballadora por causas alleas ao concello, poderase contratar a outra persoa que reúna os requisitos do programa.

Nos dous casos anteriores, deberase comunicar á Deputación calquera dos cambios a través da plataforma SUBTeL e en ningún caso suporá unha variación no importe da subvención concedida nin no prazo, mantendo a data límite do 31 de decembro de 2026.

8.3 Determinación das contías dos módulos:

Módulo	Concellos	Tramos de asignación de porcentaxes	Importe máximo a solicitar
1	Toques, Moeche, Monfero, Vilarmajor, Mañón, Santiso, Sobrado, Boimorto, Vilasantar, Cerdido e Aranga	Ata 0,15%	22.000,00 €
2	Irixoa, As Somozas, A Capela, Mesía e Frades	Máis de 0,15% ata 0,20%	25.000,00 €
3	Coirós, Trazo e Paderne	Máis de 0,20% ata 0,25%	28.000,00 €
4	Santa Comba, Corcubión, Dodro, Tordoia, San Sadurniño, Lousame, Touro, Boqueixón, O Pino, Val do Dubra, Dumbría, Curtis, Laxe, Vedra, Cabanas, A Baña, Zas, Cariño e Cabana de Bergantiños	Máis de 0,25% ata 0,50%	31.000,00 €
5	Muxía, Rois, Carnota, Cerceda e Arzúa	Máis de 0,50% ata 0,6000%	34.000,00 €
6	Oza-Cesuras, Abegondo,	Máis de 0,60% ata 0,70%	37.000,00 €

	Ponteceso, Fisterra, Outes e Vimianzo		
7	Camariñas, Neda, Carral, Brión, Malpica de Bergantiños, Ortigueira e Mugardos	Máis de 0,70% ata 0,90%	40.000,00 €
8	Melide, Muros, Coristanco, Miño, Oroso, Ares, Valdoviño e Porto do Son	Máis de 0,90% ata 1,00%	43.000,00 €
9	Bergondo, Cedeira e Pontedeume	Máis de 1,00% ata 1,10%	46.000,00 €
10	Negreira, A Pobra do Caramiñal, Padrón, As Pontes de García Rodríguez e Cee	Máis de 1,10% ata 1,20%	49.000,00 €
11	Rianxo, A Laracha, Ordes, Noia, Mazaricos, Fene, Betanzos, Teo, Boiro, Sada, Ribeira, Cambre, Ames, Oleiros, Culleredo, Arteixo, Carballo e Narón	Máis de 1,20%	52.0000,00 €
12	A Coruña, Ferrol, e Santiago de Compostela		75.000,00 €

Base 9. Xustificación e pago

Será de aplicación a conta xustificativa simplificada nos termos do artigo 75 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

9.1 Prazo de xustificación

O prazo para a xustificación da axuda rematará o 31 de marzo de 2027 ás 14.00 h.

A presentación da xustificación fóra de prazo, ou no prazo excepcional, non eximirá á entidade beneficiaria das sancións que correspondan coa gradación indicada no Capítulo VI da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación.

9.2 Pago

Á vista da documentación xustificativa presentada e, tras os informes previos do Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica e do Servizo de Fiscalización, o órgano competente valorará o cumprimento das actividades subvencionadas e comprobará que a documentación é correcta para proceder á aprobación da xustificación e ao pago do importe da achega provincial.

- Para determinar a achega xustificada terase en conta o disposto no artigo 30.2 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña.

9.3 Anticipo

De forma excepcional, coa posibilidade prevista no disposto na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña, poderá realizarse un primeiro pagamento do 50% da achega provincial a prol do concello beneficiario, unha vez que presente a seguinte documentación:

- Certificado acreditativo do persoal a contratar segundo se recolle no Anexo II_Documentación xustificación.

Este primeiro pagamento farase efectivo logo de comprobar que o concello:

- Ten presentado o certificado acreditativo do persoal a contratar anteriormente indicado.
- Non ten pendente de xustificación ningún anticipo de convocatorias anteriores.
- Cumpre coas súas obrigas coa AEAT, Seguridade Social e Deputación provincial da Coruña, circunstancia que comprobará a Deputación telematicamente.

No caso de que se xustifique gasto por un importe inferior ao anticipo aboado, incoarase procedemento de reintegro do dito anticipo, de acordo co procedemento regulado no capítulo V da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña.

Base 10.- Incumprimentos e sancións

Será de aplicación o disposto no capítulo VI da Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación da Coruña.

ANEXOS DOCUMENTACIÓN

ANEXO I - Documentación da solicitude

Declaracións:

- A entidade que represento cumpre todos os requisitos esixidos aos solicitantes nas bases reguladoras da presente convocatoria e na Ordenanza xeral de subvenciones e transferencias da Deputación Provincial da Coruña, e no caso de resultar beneficiaria da subvención comprométese a cumprir fielmente todas as obrigas e compromisos recollidos nas mesmas e a acreditar de forma fidedigna o seu cumprimento no caso de ser requirida pola Deputación.
- A entidade que represento comprométese a utilizar a lingua galega no desenvolvemento do proxecto subvencionado e na produción escrita e oral (cartelaría, publicidade oral e escrita, redes sociais, etc.) a que dea lugar toda a actividade subvencionada, e a dar cumprimento a aquelas outras obrigas establecidas nas bases específicas en relación coa lingua galega.
- A entidade que represento comprométese a empregar unha linguaxe non sexista e inclusiva; tratar as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero e a recabar datos de participación desagregados por sexo no caso de estudos, estatísticas, enquisas e formularios.
- A entidade que represento comprométese a dar cumprimento as obrigas de difusión do apoio da Deputación establecidas nas bases específicas.
- No caso de que algunha das actividades que execute a entidade que represento implique o contacto habitual con menores, comprométese a comprobar que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos.

Documentación:

- Certificación acreditativa do acordo de solicitude.
- Acreditación da delegación da Alcaldía/Presidencia, no seu caso.
- Memoria descritiva dos servizos mínimos municipais obxecto do Programa.
- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a

consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.

A entidade deberá presentar a documentación esixida segundo os modelos que figuran na plataforma Subtel.

Os solicitantes deberán detallar no orzamento de gastos, como mínimo, a previsión correspondente aos conceptos “Soldos e salarios” e “Seguridade social a cargo da entidade”, tendo en conta que todos os gastos subvencionables deberán estar directamente relacionados co desenvolvemento do proxecto subvencionado.

Deberán indicar tamén o importe da subvención solicitada, que como máximo será a contía do módulo que lle corresponda segundo o indicado no Anexo III_Detalle dos módulos a financiar.

ANEXO II - Documentación xustificación

Declaracións

No momento de presentar a xustificación a alcaldía/presidencia ou persoa en quen delegue debe achegar as seguintes declaracións:

- Declaración de que a entidade que representa non ten pendente de xustificación ningunha outra axuda da Deputación na que xa rematara o prazo para a presentación de xustificantes.
- Declaración de que os gastos presentados neste expediente como xustificación da subvención concedida foron debidamente reflectidos, na forma preceptiva, na contabilidade do concello, segundo o disposto no artigo 14.1 da Lei Xeral de Subvencións.
- Declaración de que a entidade que represento RENUNCIA á parte da achega provincial non xustificada (só no caso en que os xustificantes non alcancen o importe mínimo a xustificar ou no caso en que a achega concedida, xunto cos outros ingresos percibidos para o mesmo obxecto, supere aos pagos executados) e que, no seu caso, ACEPTA o reintegro da cantidade anticipada ao non alcanzar a cantidade mínima requirida para a xustificación.
- No caso en que a xustificación se presente fóra de prazo: A entidade que represento acepta a sanción que corresponde e consinte en efectuar voluntariamente o pagamento desta mediante compensación no pago da subvención, e non presentará alegacións nin recurso algún ao respecto (esta declaración suporá unha REDUCCIÓN DO IMPORTE DA SANCIÓN DUN 90%).

Documentación

No caso de optar por un primeiro pagamento do 50% da aportación provincial, as entidades locais deben presentar:

- O certificado acreditativo do persoal a contratar, no que se informará dos seguintes puntos:

- Que o persoal ten a condición de demandantes de emprego segundo o indicado nos Requisitos do persoal a contratar.
- A situación de exclusión sociolaboral na que se atopan as persoas a contratar.
- Porcentaxe da xornada semanal (que como mínimo terá que ser o 75% da xornada completa habitual ou a permitida pola lexislación laboral segundo o grao de discapacidade do persoal contratado).
- Que o concello valorou como mérito no proceso selectivo das persoas traballadoras, ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións públicas (Esta valoración non será de aplicación cando se empreguen listas de selección anteriores).

A Deputación aboará o 50% restante logo da presentación da seguinte documentación:

1. Relación clasificada de gastos que se xerará automaticamente unha vez cumprimentada a relación clasificada dos gastos realizados.

No caso dos gastos de persoal, na relación de gastos deberá detallarse, para cada traballador/a e mes, o importe bruto da nómina e o importe da seguridade social con cargo á entidade.

2. Relación detallada de ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia, así coma dos propios ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para a mesma finalidade.
3. Memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación detallada das actividades realizadas e dos resultados obtidos e de que a contratación do persoal foi realizada de acordo cos principios de publicidade, concorrência, igualdade, mérito e non discriminación.
4. Documentación gráfica da vestimenta de traballo proporcionada ao persoal contratado na que figuren os logotipos do Plan de Emprego Local e da Deputación.
5. Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.

Nos supostos que non se obtivo un primeiro pagamento, o concello presentará todos os documentos mencionados no prazo de xustificación incluído o certificado acreditativo do persoal a contratar.

ANEXO III- Detalle dos módulos a financiar

CONCELLO	TOTAL DEMANDANTES DE EMPREGO	Porcentaxe total parados concello/total parados concellos < 50.000 habitantes	Módulo
TOQUES	25	0,0935427 %	22.000,00 €
MOECHE	31	0,1149974 %	22.000,00 €
MONFERO	33	0,1224351 %	22.000,00 €
VILARMAIOR	36	0,1327334 %	22.000,00 €
MAÑÓN	36	0,1335916 %	22.000,00 €
SANTISO	38	0,1398849 %	22.000,00 €
SOBRADO	38	0,1410292 %	22.000,00 €
BOIMORTO	39	0,1438898 %	22.000,00 €
VILASANTAR	39	0,1458923 %	22.000,00 €
CERDIDO	39	0,1464644 %	22.000,00 €
ARANGA	41	0,1516135 %	22.000,00 €
IRIXOA	44	0,1644864 %	25.000,00 €
SOMOZAS, AS	44	0,1650585 %	25.000,00 €
CAPELA, A	47	0,1733543 %	25.000,00 €
MESÍA	52	0,1936648 %	25.000,00 €
FRADES	54	0,2005304 %	25.000,00 €

COIRÓS	59	0,2191245 %	28.000,00 €
TRAZO	59	0,2202687 %	28.000,00 €
PADERNE	60	0,2231294 %	28.000,00 €
SANTA COMBA	74	0,2734765 %	31.000,00 €
CORCUBIÓN	74	0,2751929 %	31.000,00 €
DODRO	82	0,3049435 %	31.000,00 €
TORDOIA	84	0,3112369 %	31.000,00 €
SAN SADURNIÑO	86	0,3195327 %	31.000,00 €
LOUSAME	93	0,3458505 %	31.000,00 €
TOURO	99	0,3681634 %	31.000,00 €
BOQUEIXÓN	99	0,3687356 %	31.000,00 €
PINO, O	102	0,3810363 %	31.000,00 €
VAL DO DUBRA	105	0,3893321 %	31.000,00 €
DUMBRÍA	115	0,4282367 %	31.000,00 €
CURTIS	115	0,4290949 %	31.000,00 €
LAXE	117	0,4336719 %	31.000,00 €
VEDRA	117	0,4339580 %	31.000,00 €
CABANAS	119	0,4442563 %	31.000,00 €
BAÑA, A	120	0,4456866 %	31.000,00 €
ZAS	123	0,4559849 %	31.000,00 €

CARIÑO	128	0,4745790 %	31.000,00 €
CABANA DE BERGANTIÑOS	129	0,4814445 %	31.000,00 €
MUXÍA	136	0,5063320 %	34.000,00 €
ROIS	137	0,5097648 %	34.000,00 €
CARNOTA	141	0,5229237 %	34.000,00 €
CERCEDA	148	0,5486694 %	34.000,00 €
ARZÚA	155	0,5764175 %	34.000,00 €
OZA-CESURAS	165	0,6136057 %	37.000,00 €
ABEGONDO	170	0,6313417 %	37.000,00 €
PONTECESO	170	0,6327720 %	37.000,00 €
FISTERRA	174	0,6487915 %	37.000,00 €
OUTES	187	0,6959920 %	37.000,00 €
VIMIANZO	188	0,6988526 %	37.000,00 €
CAMARIÑAS	214	0,7955420 %	40.000,00 €
NEDA	215	0,7989747 %	40.000,00 €
CARRAL	222	0,8252926 %	40.000,00 €
BRIÓN	223	0,8292975 %	40.000,00 €
MALPICA DE	225	0,8367351 %	40.000,00 €

BERGANTIÑOS			
ORTIGUEIRA	235	0,8744955 %	40.000,00 €
MUGARDOS	242	0,8985248 %	40.000,00 €
MELIDE	246	0,9136861 %	43.000,00 €
MUROS	250	0,9311360 %	43.000,00 €
CORISTANCO	254	0,9454392 %	43.000,00 €
MIÑO	260	0,9674660 %	43.000,00 €
OROSO	261	0,9723291 %	43.000,00 €
ARES	263	0,9780504 %	43.000,00 €
VALDOVIÑO	264	0,9803389 %	43.000,00 €
PORTO DO SON	268	0,9972166 %	43.000,00 €
BERGONDO	273	1,0158107 %	46.000,00 €
CEDEIRA	284	1,0567178 %	46.000,00 €
PONTEDEUME	297	1,1027740 %	46.000,00 €
NEGREIRA	298	1,1070649 %	49.000,00 €
POBRA DO CARAMIÑAL, A	303	1,1276615 %	49.000,00 €
PADRÓN	311	1,1576981 %	49.000,00 €
PONTES DE GARCÍA RODRIGUEZ, AS	316	1,1768643 %	49.000,00 €
CEE	322	1,1983191 %	49.000,00 €

RIANXO	364	1,3533654 %	52.000,00 €
LARACHA, A	371	1,3782529 %	52.000,00 €
ORDES	471	1,7521376 %	52.000,00 €
NOIA	478	1,7781694 %	52.000,00 €
MAZARICOS	524	1,9503795 %	52.000,00 €
FENE	528	1,9638244 %	52.000,00 €
BETANZOS	575	2,1388952 %	52.000,00 €
TEO	591	2,1972521 %	52.000,00 €
BOIRO	618	2,2970882 %	52.000,00 €
SADA	734	2,7284716 %	52.000,00 €
RIBEIRA	1082	4,0237661 %	52.000,00 €
CAMBRE	1097	4,0784042 %	52.000,00 €
AMES	1222	4,5449734 %	52.000,00 €
OLEIROS	1334	4,9606234 %	52.000,00 €
CULLEREDO	1410	5,2423957 %	52.000,00 €
ARTEIXO	1480	5,5044297 %	52.000,00 €
CARBALLO	1590	5,9132141 %	52.000,00 €
NARÓN	1810	6,7313551 %	52.000,00 €
CORUÑA, A	12385		75.000,00 €

FERROL		3881		75.000,00 €
SANTIAGO COMPOSTELA	DE	3616		75.000,00 €

ANEXO - EXTRACTO DA CONVOCATORIA

GALEGO

Primeiro. Beneficiarios

Concellos da provincia da Coruña

Segundo. Obxecto

O obxecto do Programa é fomentar o emprego nos concellos mediante a contratación de persoal para a prestación dos servizos municipais básicos e a execución de pequenas obras de reparación e mantemento relacionadas con ditos servizos. A finalidade do programa é mellorar a calidade dos servizos municipais, fomentar o emprego local e contribuír á cohesión social e territorial dos municipios da provincia da Coruña.

Terceiro. Bases reguladoras

A presente convocatoria rexerase polas Bases reguladoras publicadas no BOP.

Cuarto. Contía

3.600.000,00 €

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de solicitude iniciárase ás 08:00 horas do día 21 de outubro de 2025, e finalizará ás 14:00 horas do día 21 de novembro de 2025, tendo en conta que, tanto as solicitudes coma o resto da tramitación do programa, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

CASTELLANO

Primero. Beneficiarios

Ayuntamientos de la Provincia de A Coruña

Segundo. Objeto

El objeto del Programa es fomentar el empleo en los ayuntamientos mediante la contratación de personal para la prestación de los servicios municipales básicos y la ejecución de pequeñas obras de reparación y mantenimiento relacionadas con los dichos servicios. La finalidad del programa es mejorar la calidad de los servicios municipales, fomentar el empleo local y contribuir a la cohesión social y territorial de los ayuntamientos de la provincia de A Coruña.

Tercero. Bases reguladoras

La presente convocatoria se registrá por las Bases reguladoras publicadas en el BOP.

Cuarto. Cuantía

3.600.000,00 €

Quinto. Plazo de presentación de solicitudes

El plazo de solicitud se iniciará a las 08:00 horas del día 21 de octubre de 2025, y finalizará a las

14:00 horas del día 21 de noviembre de 2025, toda vez que, tanto las solicitudes como el resto de la tramitación del programa, se realizará por vía telemática a través de la plataforma SUBTEL, accesible desde la sede electrónica de la Diputación provincial de A Coruña.